



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 161  
28 de xuño de 2021



CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 28 de xuño de 2021, de asignación a comisión e apertura do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000006) [61936](#)

■ Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero [61936](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

#### Rexeitamento das iniciativas:

##### ■ 12325 (11/PNC-001264)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a torre de Caldaloba, no concello de Cospeito [61941](#)

##### ■ 15786 (11/PNC-001580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para redactar novos regulamentos orgánicos para os centros de educación infantil e primaria, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria, coa participación da comunidade educativa [61941](#)

##### ■ 16568 (11/PNC-001683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e catro deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego para que no conservatorio de Monforte de Lemos se cumpra a legalidade vixente respecto das condicións laborais e dos dereitos fundamentais relativos á non-discriminación de xénero [61941](#)



**I 16848 (11/PNC-001706)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para procurar solucións educativas e residenciais para as persoas con discapacidade maiores de 21 anos e o desenvolvemento de servizos de terapia ocupacional nos centros de educación especial

[61942](#)

**COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO****Aprobación por unanimidade con modificacións****I 16814 (11/PNC-001703)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para que o Servizo Galego de Saúde asuma a sanidade penitenciaria

[61942](#)

**17082 (11/PNC-001737)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa cobertura das prazas vacantes de radioloxía no Hospital da Mariña

[61943](#)

**Rexeitamento da iniciativa****I 16248 (11/PNC-001634)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o concello de Vilalba dun centro de día

[61943](#)

**I 17276 (11/PNC-001760)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para manter a atención sanitaria e hospitalaria durante os meses de verán

[61943](#)

**COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES****Aprobación sen modificacións****I 12863 (11/PNC-001309)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis



Sobre o mantemento polo Goberno galego, na campaña de 2021, das axudas excepcionais ao financiamento operativo das adegas de elaboración de viño [61944](#)

## Rexeitamento da iniciativa

### I 16265 (11/PNC-001637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para identificar as terras agropecuarias forestadas ilegalmente e repoñer a legalidade [61944](#)

### I 16883 (11/PNC-001711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para controlar e prever a enfermidade coñecida como «banda marrón e vermella» que afecta as coníferas [61944](#)

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.5. Respostas a preguntas

### I 17346 - 1078 (11/PRE-000067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar os accidentes de circulación provocados pola entrada de animais salvaxes nas vías de comunicación de titularidade autonómica así como sobre a contía das indemnizacións aboadas polos danos e perdas ocasionados a persoas físicas ou xurídicas entre os anos 2015 e 2020 [61948](#)

### I 17345 - 13362 (11/PRE-003351)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os datos referidos á xestión dos residuos urbanos e a valoración da Xunta de Galicia ao respecto [61951](#)

### I 17227 - 14722 (11/PRE-003524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a posta en funcionamento do polígono industrial de Taboada contando coa interlocución da asociación de empresarios do concello [61953](#)

### I 17273 - 15652 (11/PRE-003583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do asociacionismo e participación da mocidade galega [61955](#)



**I 17226 - 15710 (11/PRE-003590)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre as medidas adoptadas pola consellaría competente respecto dos usuarios e das usuarias positivos por covid na residencia DomusVi de Chantada

[61959](#)**I 17272 - 15716 (11/PRE-003591)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as medidas adoptadas nas residencias de maiores no caso de existiren usuarios ou usuarias positivos por covid-19

[61962](#)**I 17271 - 15746 (11/PRE-003592)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto do servizo de axuda no fogar no concello de Punxín

[61965](#)**I 17225 - 15754 (11/PRE-003594)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da situación actual do servizo de axuda no fogar no concello de Chantada

[61968](#)**I 17224 - 16053 (11/PRE-003626)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia durante o ano 2021 respecto do polígono industrial de Taboada, en Lugo

[61971](#)

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

**I** Resolución da Presidencia, do 22 de xuño de 2021, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas admitidas no proceso selectivo para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia

[61946](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

### **Acordo da Mesa do Parlamento, do 28 de xuño de 2021, de asignación a comisión e apertura do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000006)**

A Mesa toma coñecemento do acordo de toma en consideración polo Pleno do Parlamento, do 22 de xuño de 2021, da Proposición de lei de reforma da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000006), e acorda:

1º. A apertura do prazo de 15 días hábiles para a presentación de emendas ao articulado, nos termos establecidos nos artigos 124, 123.4 e 112 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que rematará o día 15 de xullo de 2021, ás 14.00 horas.

2º. Propoñer á Xunta de Portavoces a súa asignación á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

3º. Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2021  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

### **Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2021  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

### **Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**

A Ponencia designada pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, para emitir informe sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o



tratamento integral da violencia de xénero, nas reunións e cos acordos que a seguir se indican, á vista do texto da proposición de lei e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

## INFORME

### 1. *Antecedentes*

1.1. Esta proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 1 de marzo de 2021, co número de asento 11910.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do 2 de marzo de 2021, admitiu a trámite esta iniciativa e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 105, do 3 de marzo de 2021).

1.3. Na sesión plenaria do día 13 de abril de 2021 tomouse en consideración a devandita proposición.

1.4. Posteriormente, abriuse o prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o 28 de maio de 2021 (terceira prórroga), e acordouse a súa tramitación pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

1.5. As emendas ao articulado presentadas, cualificadas pola Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 3 de xuño de 2021, e publicadas no BOPG núm. 150, do 7 de xuño de 2021, foron un total de 12 emendas ao articulado: 8 do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 16669) e 4 do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 16672).

### 2. *Composición, constitución e reunións da Ponencia*

#### 2.1. Composición e constitución da Ponencia

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 10 de xuño de 2021, designou as seguintes ponentes:

— Polo G. P. Popular de Galicia: Paula Prado del Río (titular) e Noelia Pérez López (suplente).

— Polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Olalla Rodil Fernández (titular) e Noa Presas Bergantiños (suplente).

— E polo G. P. dos Socialistas de Galicia: Noa Susana Díaz Varela (titular) e Marina Ortega Otero (suplente).

#### 2.2. Reunións da Ponencia



A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 10 de xuño de 2021, coa presidencia da Sra. Porro Martínez e coa asistencia das ponentes titulares: Sra. Prado del Río, Sra. Rodil Fernández e Sra. Díaz Varela. Nesta sesión fixaron o calendario inicial de traballo.

Na seguinte reunión, que tivo lugar o 17 de xuño de 2021, coa asistencia das ponentes titulares: Sra. Prado del Río, Sra. Rodil Fernández e Sra. Díaz Varela, analizaron con detemento o texto articulado obxecto desta proposición de lei e as emendas formuladas. Así mesmo, formalizaron propostas de transaccións ou aceptación de emendas na procura de achegar as distintas posicións.

Na terceira reunión, que tivo lugar o 23 de xuño de 2021, coa asistencia das ponentes titulares, concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia.

### 3. *Elaboración do informe*

Como resumo sucinto do seu labor, a Ponencia formúlalle á Comisión as seguintes recomendacións:

1. A aceptación das seguintes emendas ou transaccións elaboradas verbo delas, nos termos que constan no texto articulado deste informe.

#### 1.1. As transaccións que a seguir se relacionan:

— No apartado un do artigo único, polo que se engade un novo parágrafo a continuación do artigo 1.2, a transacción conxunta tomando como base as emendas número 1 do G. P. Popular de Galicia e 1 do G. P. dos Socialistas de Galicia e o referido parágrafo.

— No apartado dous do artigo único, polo que se da nova redacción á letra g do artigo 3, a transacción conxunta verbo as emendas número 2 do G. P. Popular de Galicia e 2 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

— No apartado catro do artigo único, a transacción da emenda número 3 do G. P. Popular de Galicia, pola que se dá nova redacción á letra b do artigo 5.

1.2. As emendas técnicas incorporadas ao texto articulado, polas que se modifica o título da lei e se titula o artigo único e o seu encabezamento, así como a disposición adicional, derogatoria e derradeiras, coa inclusión da referencia ás disposicións de igual ou inferior rango na disposición derogatoria única.

1.3. A emenda do G.P. Popular de Galicia número 4, en relación coa exposición de motivos (coa correspondente emenda técnica), na que se subsumen as emendas números 4, 5, 6 e 7 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

2. A Ponente do G. P. dos Socialistas de Galicia comunica, en nome do seu grupo parlamentario, a retirada da emenda número 8.





3. Por último, respecto da emenda número 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia, a Ponencia recomenda á comisión o seu rexeitamento.

#### 4. *Texto articulado do Informe da Ponencia*

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

#### Exposición de motivos

Defínese a violencia vicaria como aquela violencia que se exerce sobre a muller co fin de lle causar o maior e máis grave dano psicolóxico a través de terceiras ou *interpósitas personas* e que acada o seu grao máis elevado de crueldade co homicidio ou asasinato desas persoas (fillos e fillas, nai, pai, parella actual etc).

Cada vez hai máis estudos, informes e xurisprudencia nos tribunais que, en aplicación do establecido no artigo 49.2 do Convenio de Istambul, aplicando en consecuencia a perspectiva de xénero, recoñecen e se pronuncian ao respecto destes casos como unha manifestación máis de violencia de xénero, pois os estudos están a demostrar que a única finalidade de tales actos é causar o maior sufrimento psicolóxico e na saúde da muller que sofre este tipo de violencia vicaria, de forma que recoñecer o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa intención de lle causar o máximo dano e padecemento, supón afianzar o Estatuto de protección integral de vítima de violencia de xénero.

Esta é a razón pola que na medida 139 do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero se acordou «facer extensivos os apoios psicosociais e dereitos laborais, as prestacións da Seguridade Social, así como os dereitos económicos recollidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a quen padecese violencia vicaria ou violencia por *interpósita persona*».

Por todo isto, faise aconsellable a modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para recoñecer como vítimas de violencia de xénero aquelas mulleres que teñen ou tiveron que padecer o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller ou de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia, ampliando, en consecuencia, o concepto de violencia de xénero no artigo 1 da lei, así como recoñecendo explicitamente este tipo de violencia como unha forma de violencia de xénero, recolléndoa como tal no artigo 3 da lei.

Así mesmo, co fin de outorgar o estatuto de vítima de violencia de xénero ás mulleres que no pasado sufriron a violencia vicaria que nesta lei se define, daráselle carácter retroactivo á lei para que todas elas sexan recoñecidas como vítimas de violencia de xénero e se lles outorgue a protección que ese estatuto lles ofrece, e que non foi outorgado no seu momento por falta de aplicación da perspectiva de xénero nos procedementos levados a cabo e por non entender a violencia vicaria como unha manifestación da violencia de xénero.



Artigo único. *Modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero queda modificada como segue:

Un. Engádesse un novo parágrafo a continuación do artigo 1.2 co seguinte contido:

«Inclúese dentro do concepto de violencia de xénero a violencia vicaria, entendida esta como o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de lle causar maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.»

Dous. A letra g) do artigo 3 queda redactada da seguinte maneira:

«g) O homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de lle causar maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.»

Tres. A actual letra g) pasa a ser a letra h) do artigo 3.

Catro. A letra b) do artigo 5 queda redactada da seguinte maneira:

«b) Sentenza condenatoria na orde penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentenzas de calquera orde xurisdiccional que declaren que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.»

Disposición adicional única. *Retroactividade*

O recoñecemento de vítima de violencia de xénero por violencia vicaria terá efectos retroactivos, polo que se recoñecerán os dereitos que regula esta lei a situacións ocorridas con anterioridade á aprobación da modificación desta.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase o Consello da Xunta de Galicia e mais o órgano competente en materia de igualdade para ditaren as disposicións regulamentarias e as instrucións necesarias para o adecuado desenvolvemento e cumprimento desta lei.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2021

Paula Prado del Río

Olalla Rodil Fernández

Noa Susana Díaz Varela

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.6. Proposicións non de lei**

##### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

###### **1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

#### **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 25 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

#### **Rexeitamento das iniciativas:**

- 12325 (11/PNC-001264)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a torre de Caldaloba, no concello de Cospeito

BOPG nº 112, do 17.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 15786 (11/PNC-001580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para redactar novos regulamentos orgánicos para os centros de educación infantil e primaria, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria, coa participación da comunidade educativa

BOPG nº 138, do 12.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 16568 (11/PNC-001683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e catro deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego para que no conservatorio de Monforte de Lemos se cumpra a legalidade vixente respecto das condicións laborais e dos dereitos fundamentais relativos á non-discriminación de xénero

BOPG nº 147, do 02.06.2021



Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 16848 (11/PNC-001706)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para procurar solucións educativas e residenciais para as persoas con discapacidade maiores de 21 anos e o desenvolvemento de servizos de terapia ocupacional nos centros de educación especial

BOPG nº 152, do 09.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

### **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 24 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 16814 (11/PNC-001703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para que o Servizo Galego de Saúde asuma a sanidade penitenciaria

BOPG nº 152, do 09.06.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado:

1. O traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo Servizo Galego de Saúde, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión do Sistema Nacional de Saúde, de xeito que a atención a este colectivo se realice na rede sanitaria pública galega. Esta transferencia debe estar acompañada dos medios humanos, económicos e materiais necesarios, atendendo á suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo; así como da compensación da débeda contraída polo Ministerio de Interior co Sergas.

2. Que realice sen máis demoras o traspaso das transferencias da AP-9 e a da xestión do dominio público marítimo-terrestre tamén demandadas por unanimidade desta cámara en reiteradas ocasións.»



- 17082 (11/PNC-001737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa cobertura das prazas vacantes de radioloxía no Hospital da Mariña

BOPG nº 155, do 16.06.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, de xeito urxente, se repoña o servizo de radioloxía do Hospital da Mariña, cubrindo as dúas prazas de radiólogos que a día de hoxe están vacantes con persoal estable e garantindo a atención do proceso completo (diagnose e tratamento no propio especialista) no propio Hospital da Mariña, mantendo tamén o proceso completo do cribado do cancro de mama nel.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 16248 (11/PNC-001634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o concello de Vilalba dun centro de día

BOPG nº 144, do 26.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 17276 (11/PNC-001760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para manter a atención sanitaria e hospitalaria durante os meses de verán

BOPG nº 155, do 16.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

### **COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 24 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:



## Aprobación sen modificacións

- 12863 (11/PNC-001309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis

Sobre o mantemento polo Goberno galego, na campaña de 2021, das axudas excepcionais ao financiamento operativo das adegas de elaboración de viño

BOPG nº 115, do 24.03.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que manteña nesta campaña 2021 as axudas excepcionais ao financiamento operativo das adegas de elaboración de viño.»

## Rexeitamento da iniciativa

- 16265 (11/PNC-001637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para identificar as terras agropecuarias forestadas ilegalmente e repoñer a legalidade

BOPG nº 144, do 26.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 16883 (11/PNC-001711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para controlar e previr a enfermidade coñecida como «banda marrón e vermella» que afecta as coníferas

BOPG nº 152, do 09.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 21 de xuño de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:



- 17346 - 1078 (11/PRE-000067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar os accidentes de circulación provocados pola entrada de animais salvaxes nas vías de comunicación de titularidade autonómica así como sobre a contía das indemnizacións aboadas polos danos e perdas ocasionados a persoas físicas ou xurídicas entre os anos 2015 e 2020

- 17345 - 13362 (11/PRE-003351)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os datos referidos á xestión dos residuos urbanos e a valoración da Xunta de Galicia ao respecto

- 17227 - 14722 (11/PRE-003524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a posta en funcionamento do polígono industrial de Taboada contando coa interlocución da asociación de empresarios do concello

- 17273 - 15652 (11/PRE-003583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do asociacionismo e participación da mocidade galega

- 17226 - 15710 (11/PRE-003590)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas pola consellaría competente respecto dos usuarios e das usuarias positivos por covid na residencia DomusVi de Chantada

- 17272 - 15716 (11/PRE-003591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas adoptadas nas residencias de maiores no caso de existiren usuarios ou usuarias positivos por covid-19

- 17271 - 15746 (11/PRE-003592)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto do servizo de axuda no fogar no concello de Punxín

- 17225 - 15754 (11/PRE-003594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis



Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da situación actual do servizo de axuda no fogar no concello de Chantada

- 17224 - 16053 (11/PRE-003626)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia durante o ano 2021 respecto do polígono industrial de Taboada, en Lugo

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

#### **Resolución da Presidencia, do 22 de xuño de 2021, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas admitidas no proceso selectivo para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia**

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 10 de maio de 2021 (BOPG núm. 139, do 14 de maio de 2021) convocouse o proceso selectivo e aprobáronse as bases que o rexen para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia. Con data 4 de xuño de 2021, mediante resolución desta Presidencia, aprobouse e fíxose pública (BOPG 150, do 7 de xullo) a relación provisional de persoas admitidas e excluídas no antedito proceso selectivo.

Transcorridos o prazo de presentación de alegacións ou emendas, ao abeiro do establecido na base cuarta da referida convocatoria e á vista do informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior, RESOLVO:

1º. Aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas, con indicación dos seus apelidos e nome, do DNI, segundo figura no documento anexo.

2º. Ordenar a publicación desta resolución no BOPG e na páxina web do Parlamento de Galicia.  
Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia





ANEXO  
RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	LÓPEZ GÓMEZ	MARINA	***6719 **
2	LORENZO SANTALUCÍA	MARINA IRENE	***5265 **

**B) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSAS DE EXCLUSIÓN:**

Non hai.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/06/2021 16:34:09  
Nº Rexistro: 17346

Data envío: 16/06/2021 16:34:09.980

Data 16/06/2021 16:34

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1078**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar os accidentes de circulación provocados pola entrada de animais salvaxes nas vías de comunicación de titularidade autonómica así como sobre a contía das indemnizacións aboadas polos danos e perdas ocasionados a persoas físicas ou xurídicas entre os anos 2015 e 2020”**, (publicada no BOPG número 12 do 8 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Con respecto aos danos ocasionados polo xabaril, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten constituído un grupo de traballo multidisciplinar para a posta en marcha dun paquete de medidas co fin de paliar ou minorar os seus efectos.

No relativo aos danos ocasionados por accidentes de tráfico, téñense aplicado medidas para mellorar a sinalización das estradas, a conectividade entre hábitats fragmentados ou o reforzamento dos peches das autoestradas. Tamén se está a traballar coa Federación Galega de Caza na mellora da planificación das batidas.

No ano 2016, a Axencia Galega de Infraestruturas realizou un primeiro traballo para avaliar a incidencia dos accidentes con fauna salvaxe, co obxectivo de intentar definir tramos prioritarios de actuacións nos que estudar e comparar a eficacia das distintas medidas que existen no mercado para disuadir a este tipo de animais de que crucen a estrada. Neste traballo, realizado en colaboración coa Fundación da Enxeñería Civil da Universidade da Coruña, definiuse un índice de perigosidade, que permite establecer un límite para definir un tramo de concentración de accidentes con animais como aquel no que se teña rexistrado, polo menos, 1 atropelo de xabaril ou corzo por quilómetro e ano, como media dos últimos 5 anos.



Xacobeo 21-22

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES  
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las  
16/06/2021 16:34:06

61948

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/06/2021 16:34:09  
**Nº Rexistro: 17346**  
Data envío: 16/06/2021 16:34:09.980

**g** **BII** **CI** **B**

No ano 2019 a Xunta actualizou o estudo do ano 2016 para o cálculo dos tramos de concentración de accidentes con animais, engadindo os datos dos atropelos de fauna salvaxe, corzo e xabaril, dos anos 2017 e 2018. Ante o risco crecente que supón a presenza do xabaril nas estradas, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adoptou unha serie de medidas.

En concreto, nas estradas convencionais, onde resulta extraordinariamente complexo evitar a entrada de animais á calzada, óptase por medidas orientadas a informar ao condutor do perigo asociado a esa circunstancia, reforzando a sinalización; e nas estradas de acceso controlado, como son as autoestradas, autovías e vías para automóviles e nas estradas autonómicas de nova construción, óptase pola instalación de pasos de fauna e pola construción de vías de escape de fauna ou o reforzo de peches.

Ademais, en distintas estradas autonómicas, fundamentalmente da provincia de Lugo, que é onde se detectan máis incidencias, estase a probar a utilización de reforzos de valado e o emprego de elementos disuasorios, como son os repelentes ou atraentes olfactivos ou captafaros reflectores.

Tamén se redactou un proxecto para a substitución do cerramento en dous treitos das vías AG-64 e CG 2.2 por outro cerramento de seguridade, que está en proceso de contratación e para o que se teñen recibido sete ofertas“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/06/2021 16:34:09  
**Nº Rexistro: 17346**  
Data envío: 16/06/2021 16:34:09.980

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/06/2021 16:34:06

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/06/2021 16:33:55  
Nº Rexistro: 17345

Data envío: 16/06/2021 16:33:55.293

Data 16/06/2021 16:33

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **13362**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os datos referidos á xestión dos residuos urbanos e a valoración da Xunta de Galicia ao respecto**”, (publicada no BOPG número 122 do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 3 de xuño de 2021 pola directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 13365.

Na súa resposta, a directora xeral fixo balance dos datos de xestión de residuos relativos ao ano 2019 (os últimos dispoñibles) e sobre o funcionamento do modelo de Sogama”.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-03--2?  
part=1ab6e258-27b5-425a-8afc-865b9c495188&start=4313](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-03--2?part=1ab6e258-27b5-425a-8afc-865b9c495188&start=4313)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/06/2021 16:33:55  
**Nº Rexistro: 17345**  
Data envío: 16/06/2021 16:33:55.293

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/06/2021 16:33:43**

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/06/2021 13:59:49  
**Nº Rexistro: 17227**

Data envío: 11/06/2021 13:59:49.394

Data 11/06/2021 13:59

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14722**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para a posta en funcionamento do polígono industrial de Taboada contando coa interlocución da asociación de empresarios do concello”**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O parque empresarial de Taboada estará incluído no concurso do IGVS, que se convocará este mes de xuño. Neste concurso incluíranse trece parcelas correspondentes á primeira fase do parque, cunha superficie total de 13.717 metros cadrados. Como en todos os parques empresariais da provincia de Lugo, o prezo de venda das parcelas estará bonificado nun 50 por cento.

Polo que respecta ao remate das obras de urbanización, xa se está a traballar nos correspondentes proxectos co obxectivo de executalas este ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/06/2021 13:59:49  
**Nº Rexistro: 17227**  
Data envío: 11/06/2021 13:59:49.394

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/06/2021 13:59:45**

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/06/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 17273

Data envío: 14/06/2021 15:18:40.422

Data 14/06/2021 15:18

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **15652**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da participación xuvenil na mocidade galega”**, (publicada no BOPG número 139 do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Dentro do ámbito das políticas públicas destinadas á mocidade, dende a Xunta de Galicia tratamos de reforzar os vínculos cos mozos e mozas fomentando, entre outras cuestións, a súa participación na vida pública. Neste sentido, o propio Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021 adica o seu eixo 6 á participación e asociacionismo e recolle expresamente que a participación configúrase como un dos valores fundamentais nos que se basean as políticas de intervención no ámbito xuvenil, entendendo que é necesaria a incorporación das persoas novas ao deseño, posta en marcha e avaliación das actuacións dirixidas a elas, téndose avanzado moito neste sentido cara unha Administración aberta á cidadanía en xeral, e aos mozos e mozas en particular. Ao mesmo tempo, tamén se traballa no fomento de novos mecanismos no eido da información e a comunicación cos mozos e mozas para que a súa participación sexa realmente eficaz.

Son varias as actuacións promovidas polo Goberno galego que contaron cunha participación efectiva da propia mocidade e das persoas e entidades que traballan con e para ela, como foi a propia configuración do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021, que foi froito dun proceso aberto e participativo para a súa elaboración, ou o proceso aberto para a elaboración do borrador de Decreto de desenvolvemento da Lei de xuventude, entre outros moitos. Así mesmo, e con motivo da Covid-19, en 2020 lanzouse un cuestionario aberto á mocidade na páxina web de Xuventude para coñecer as súas inquedanzas, preocupacións e propostas de futuro. A análise das respostas obtidas permitiu desenvolver





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/06/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 17273**

Data envío: 14/06/2021 15:18:40.422

**g**ALICIA

proxectos novos (como o recién estreado programa Primavera Xove) ou reforzar outros xa existentes como os cursos de formación.

A maiores da participación individual e concreta, desde a Xunta de Galicia consideramos que o asociacionismo xuvenil é un dos principais instrumentos para canalizar a participación da mocidade. Neste sentido, o censo de entidades xuvenís conta a día de hoxe con máis de 500 asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude inscritas, arredor de 20 de recente incorporación. Para estas entidades poñemos en marcha todos os anos una liña de axudas específica como é Iniciativa Xove, a través da cal se favorece o desenvolvemento e posta en marcha de ideas e proxectos xuvenís en diferentes ámbitos, como o emprendemento, os hábitos saudables, a creatividade, a inclusión, a comunicación, etc.

Cómpre destacar que Iniciativa Xove, programa que se continuará impulsando desde a Administración de xeito decisivo, favorece a participación da mocidade a través de fórmulas organizadas (asociacións e entidades) ou ben en formatos máis flexibles como son os grupos informais de mozos e mozas, mediante os cales se busca promover un achegamento inicial ao eido da participación xuvenil co obxectivo final de revertir no crecemento do asociacionismo.

Por outro lado, a participación institucionalizada a través do Consello asesor e consultivo da Xuventude de Galicia contribuirá a consolidar un asociacionismo xuvenil galego que segue vivo a día de hoxe, como dá boa conta o censo de entidades xuvenís e a gran variedade e riqueza de proxectos e iniciativas postas en marcha polas entidades xuvenís galegas, así como polos grupos informais de mozos e mozas.

Por último, a rede de Espazos Xove da Xunta constitúe outro instrumento para promover a participación xuvenil plena, exercendo como lugares de encontro entre os mozos e mozas e consolidándose como verdadeiros espazos que favorecen o diálogo e a participación da xuventude en todos os ámbitos que lle son de interese.



Xacobeo 21-22





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/06/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 17273**

Data envío: 14/06/2021 15:18:40.422

**g** **Galicia**

Desde a Xunta de Galicia seguirase apostando por estes encontros máis locais, así como por outros a maior escala, como foi o caso do evento “Mocidade”, para favorecer a comunicación entre a mocidade con inquietudes similares, xerar debates e traballo en equipo arredor de temas de interese e poder así dar resposta a novas necesidades e demandas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/06/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 17273**  
Data envío: 14/06/2021 15:18:40.422

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/06/2021 15:18:36**

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/06/2021 13:59:41  
Nº Rexistro: 17226

Data envío: 11/06/2021 13:59:41.394

Data 11/06/2021 13:59



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15710**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas prevista pola consellería competente, respecto dos e das usuarias positivas por covid na residencia DomusVi de Chantada”**, (publicada no BOPG número 139 do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os gromos, como o de Chantada, prodúcense nunhas condicións epidemiolóxicas diferentes as que se tiñan producido nos meses previos. Esta diferenza débese a que os usuarios das residencias xa están vacinados, polo que a inmensa maioría dos casos que se detectan son asintomáticos e non precisan coidados especiais, agás os habituais polas patoloxías que xa manifestaban previamente.

Por outra banda o número de afectados é baixo con respecto ao total dos residentes, polo que as residencias dispoñen de capacidade de zonificar e separar aos dous colectivos, sans e infectados, sen maiores repercusións na súa vida diaria que as limitacións de contacto entre eles.

Os usuarios de residencias son derivados a hospitais ou a residencias integradas por criterios puramente sanitarios, atendendo sempre a garantir a calidade asistencial das persoas do centro.

No caso dos usuarios asintomáticos, a decisión de derivalos a outros centros debe ser moi coidadosa e so se os criterios médicos así o determinan, xa que o desarraigamento coa súa contorna pode ter consecuencias graves e non desexadas no comportamento e na saúde mental dos residentes.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

Data asento: 11/06/2021 13:59:41

**Nº Rexistro: 17226**

Data envío: 11/06/2021 13:59:41.394

galiçia

No que respecta ás restricións levadas a cabo para conter o gromo, así como as medidas de illamento contempladas, estas foron as contempladas no Protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS CoV-2 (COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios.

As medidas adoptadas serán, como non pode ser de outro xeito, as que ditaminen o comité de expertos nomeado para o seguimento e asesoramento da actual pandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/06/2021 13:59:41  
**Nº Rexistro: 17226**  
Data envío: 11/06/2021 13:59:41.394

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/06/2021 13:59:37**

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/06/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 17272

Data envío: 14/06/2021 15:18:32.516

Data 14/06/2021 15:18



En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **15716**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións da consellería competente en relación ás restriccións nas residencias motivadas por gromos de covid-19”**, (publicada no BOPG número 139 do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os gromos prodúcense nunhas condicións epidemiolóxicas diferentes as que se tiñan producido nos meses previos. Esta diferenza débese a que os usuarios das residencias xa están vacinados, polo que a inmensa maioría dos casos que se detectan son asintomáticos e non precisan coidados especiais, agás os habituais polas patoloxías que xa manifestaban previamente.

Por outra banda o número de afectados é baixo con respecto ao total dos residentes, polo que as residencias dispoñen de capacidade de zonificar e separar aos dous colectivos, sans e infectados, sen maiores repercusións na súa vida diaria que as limitacións de contacto entre eles.

Os usuarios de residencias son derivados a hospitais ou a residencias integradas por criterios puramente sanitarios atendendo sempre a garantir a calidade asistencial das persoas do centro.

No caso dos usuarios asintomáticos, a decisión de derivalos a outros centros debe ser moi coidadosa e so se os criterios médicos así o determinan, xa que o desarraigamento coa súa contorna pode ter consecuencias graves e non desexadas no comportamento e na saúde mental dos residentes.







**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/06/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 17272**  
Data envío: 14/06/2021 15:18:32.516



No que respecta ás restricións levadas a cabo para conter os gromos, así como as medidas de illamento contempladas, séguense as contempladas no Protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS CoV-2 (COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios.

As medidas adoptadas serán, como non pode ser de outro xeito, as que ditaminen o comité de expertos nomeado para o seguimento e asesoramento da actual pandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/06/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 17272**  
Data envío: 14/06/2021 15:18:32.516

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/06/2021 15:18:28

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/06/2021 16:30:00  
Nº Rexistro: 17271

Data envío: 14/06/2021 15:18:24.188

Data 14/06/2021 15:18



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15746**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións da Consellería de Política Social respecto do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Punxín”**, (publicada no BOPG número 139 do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo público de titularidade municipal. Aínda así, a Xunta de Galicia axuda no seu financiamento e cobre a maior parte do seu custo.

O Goberno autonómico financia o 70% do custe total do servizo, aproximadamente uns 9,7 euros a hora, mentres que o 30% restante é cofinanciado entre o Concello e o propio usuario.

A Xunta comprometeuse coa Fegamp a revisar a achega que fai a Administración autonómica a este servizo.

É necesario incrementar os fondos para o SAF, por iso a Xunta de Galicia reforzou este ano o servizo cun investimento en toda Galicia de 83,6 M€, case un 10% máis que en 2020.

Con este incremento orzamentario, o Servizo de Axuda no Fogar —que xa chega hoxe a máis de 24.000 galegas e galegos— reafirmase como un dos piares da atención á dependencia, o que fai de Galicia a comunidade con maior porcentaxe de atención a través deste servizo: preto do 33%, o que supón o dobre que a media nacional.

Este incremento na achega sería maior se o Estado cumprise coa Lei e achegase o 50% dos fondos, en vez do 24% que achega do total.






**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/06/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 17271**  
Data envío: 14/06/2021 15:18:24.188



En relación á previsión da Consellería de Política Social de incrementar o número de horas do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Punxín informar que con data 27 de maio de 2021 e atendendo a petición cursada polo concello, a Xunta de Galicia incrementou a asignación anual de horas ao concello de Punxín en 1.632 horas para a atención de todas as persoas incluídas no PAR (programa de asignación de recurso)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/06/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 17271**  
Data envío: 14/06/2021 15:18:24.188

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/06/2021 15:18:20**

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/06/2021 13:59:33  
Nº Rexistro: 17225

Data envío: 11/06/2021 13:59:33.675

Data 11/06/2021 13:59



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15754**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Política Social respecto da situación actual do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Chantada”**, (publicada no BOPG número 139 do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é fundamental para que as persoas maiores que deciden permanecer nos seus domicilios poidan contar cunha atención profesional de calidade, ademais de facilitar a conciliación persoal e laboral das súas familias.

O SAF é un eixo estratéxico nas políticas sociais da Xunta. Trátase dun servizo esencial que o Goberno galego reforza cada ano, aumentando os orzamentos que se destinan a tal fin para poder asignar cada vez máis horas, conforme ao incremento da súa demanda.

Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión corresponde aos concellos. Neste caso, o titular do servizo é o Concello de Chantada e, en consecuencia, esta entidade local é a responsable da súa xestión.

Ao concello de Chantada correspóndelle velar para que se cumpran as condicións recollidas no contrato celebrado coa empresa.

A Consellería de Política Social, a través da Inspección de Servizos Sociais, supervisa que o servizo se estea prestando de xeito adecuado, é dicir, a correcta atención ás persoas usuarias.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/06/2021 13:59:33  
**Nº Rexistro: 17225**  
Data envío: 11/06/2021 13:59:33.675



Pola súa banda, a vixilancia do cumprimento da normativa laboral, como en calquera outro sector, é competencia da Inspección de Traballo, dependente da Vicepresidencia Terceira e Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno Central”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/06/2021 13:59:33  
**Nº Rexistro: 17225**  
Data envío: 11/06/2021 13:59:33.675

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/06/2021 13:59:29**

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/06/2021 13:59:19  
Nº Rexistro: 17224  
Data envío: 11/06/2021 13:59:19.300  
Data 11/06/2021 13:59

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16053**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“as actuacións prevista pola Xunta de Galicia durante o ano 2021, respecto do polígono industrial de Taboada, en Lugo”**, (publicada no BOPG número 141 do 20 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O parque empresarial de Taboada estará incluído no concurso do IGVS, que se convocará este mes de xuño. Neste concurso incluíranse trece parcelas correspondentes á primeira fase do parque, cunha superficie total de 13.717 metros cadrados. Como en todos os parques empresariais da provincia de Lugo, o prezo de venda das parcelas estará bonificado nun 50 por cento.

Polo que respecta ao remate das obras de urbanización, xa se está a traballar nos correspondentes proxectos co obxectivo de executalas este ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/06/2021 13:59:19  
**Nº Rexistro: 17224**  
Data envío: 11/06/2021 13:59:19.300

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/06/2021 13:59:08**

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG0mLADQ6w2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

